

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:

- o Ordenanza reguladora da expedición de licencias de vao e de reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- o Ordenanza reguladora da expedición de licencias de vao e de reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

O Concello Pleno, na sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2008, aprobou definitivamente a Ordenanza de Vaos do Concello de Narón, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 190, do 19 de agosto de 2008. Posteriormente esta norma, nos exercicios de 2001, 2016 e 2017

experimentou sucesivas modificacións que aconsellan a harmonización do seu texto e a incorporación, no seu caso, de situacións fácticas e solucións demandadas pola cidadanía.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 14 de xullo de 2020.